

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO X14

LISTA DE ASISTENTES

Ana Amorós Pons
Xosé Manuel Baamonde
Vicente Badenes
Juan Manuel Corbacho
Alberto Dafonte Gómez
Ana Belén Fernández Souto
Julia Fontenla
David Formoso
Oswaldo García Crespo
Silvia García Mirón
Pedro Pablo Gutiérrez
Beatriz Legerén
Jorge Lens Leiva
Carmen López de Aguileta
Xabier Martínez Rolán
Carmen Maiz Bar
M^a Isabel Míguez
Julinda Molares Cardoso
Román Pereiro
Paulino Pérez Feijoo
Diana Ramahí
Fortunato Rodríguez Fernández
Octavio Rodríguez Nieto
José Rúas Araujo
Ana Suárez
Emma Torres Romay
Mónica Valderrama Santomé
Montse Vázquez Gestal

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Ana Suárez Mariño
Alberto Pena Rodríguez (desculpa a súa ausencia á sesión do venres 22 de maio pero está presente na súa prolongación do luns 25 de maio)

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo do 21 de maio, convocada para as 13.00 h en primeira convocatoria e as 13.30 h en segunda na Sala 20 da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

O día 21 de maio de 2020, as 13: 30 h comeza a sesión ordinaria do Consello de Departamento, cos seguintes puntos na orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior: Acta 19.12.2019

Apróbase.

2. Informe do Director do Departamento.

- Incidencias pola situación actual derivada do Covid-19, e coas incertezas de cara ao próximo curso relacionadas coa docencia....

- Recorda que se abriron as plataformas para a introdución da Produción Científica e de Transferencia, se ben non hai prazo nin convocatoria con datas concretas polo de agora.

- 3. Aprobación, se procede, da proposta de POD do curso 2020-2021.

O director informa que, para a realización do POD, contactouse con profesores a tempo completo e, una vez incluídas as súas preferencias, repetiuse o proceso con profesores asociados, primeiro doutores e despois cos non doutores.

O profesor Carlos Soutelo enviou unha reclamación a Profesorado ao non estar de acordo cos criterios establecidos na orde de prelación do Consello de Goberno do 24 de marzo, onde se aprobaban as normas para a elaboración do POD, o cambio de criterios desde Profesorado obrigou a realizar unha nova versión do POD na docencia dos asociados non doutores.

Unha vez realizados os cambios enviouse a proposta de POD a todos os profesores.

A proposta inclúe a docencia elixida polo profesorado, permite manter a docencia dos profesores asociados e queda docencia vacante no segundo semestre. A docencia vacante do primeiro semestre proponse ocupar coa Lista de Agarda.

Sobre a docencia vacante do segundo semestre pode saír como praza de Axudante doutor ou deixarse vacante.

Por outro lado, o profesor Jesús Pérez Seoane, en excedencia forzosa, manifestou a súa intención de volver a incorporarse o próximo ano, pero aínda non sabe as datas.

O profesor Alberto Dafonte pregunta por ese cambio de criterio de Profesorado con respecto aos asociados e pola praza de Lista de Agarda, que está paralizada por esta situación, pero non sabemos cando se retomarán os procesos e cando estará operativa.

O profesor Rúas contesta que, polo de agora, non se sabe nada dos prazos, apertura e continuación de procedementos, á espera do que se nos diga para que todas estas situacións sigan adiante, ocorre o mesmo coa praza de axudante doutor, celebrada no mes de marzo, tamén pendente de resolución.

Sobre o cambio de criterios sobre os asociados, as normas establecían a antigüidade na praza como primeiro elemento a ter en conta, o luns 18 de maio nos di que é a antigüidade na Universidade para os asociados, o que provoca un cambio na orde de prelación e, polo tanto, a elaboración dunha nova proposta.

A profesora Emma Torres manifesta que non houbo demasiada información sobre a elaboración do POD, salvo a petición de docencia inicial non houbo máis información despois desa primeira consulta, ata o coñecemento da proposta final que case non houbo tempo a ver, a raíz diso expón uns cambios que non están no documento que teñen os profesores.

A Secretaria do Departamento explica os cambios que se produciron nas últimas horas, incorporados ao POD e que se enviarán por correo electrónico: cambios solicitados pola profesora Ana Amorós na tipoloxía de horas dentro dunha materia que xa tiña asignada, caso parecido ao da profesora Diana Ramahí, a quen se lle puxera de maneira errónea as horas dentro da materia de Teoría e Técnica do Documental; a profesora Emma Torres cambia a súa docencia nos *Seminarios Profesionalizantes* no Grao de Publicidade e RRPP á materia de *Avaliación da Eficacia Publicitaria*, polo que se puxo en contacto co profesor Oswaldo García, que manifestara o seu interese polos Seminarios, pero nos que non había docencia vacante no seu momento e agora si, ao coller esta docencia, deixa horas en *Posproducción Audiovisual* no Grao de Comunicación Audiovisual, que permitía aumentar nela as horas ao profesor Luis Emilio Fernández.

→ O profesor Juan Corbacho, pide que se lle explique o procedemento no caso da incorporación do profesor Jesús Pérez, a reserva de docencia ou se vai poder elixir. Solicita que consten, por escrito, as condicións de incorporación del profesor Pérez Seoane.

O profesor Rúas contéstalle que a súa incorporación farase cun POD pechado e que, polo tanto, deberá axustarse ás circunstancias de cando se reincorpore, cabe ter en conta que, neste momento, este profesor non está na UVigo, polo que tampouco se lle pode reservar docencia.

O profesor Octavio Rodríguez intervén para agradecer a todos que se conte con el para o próximo curso.

A profesora Carmen López de Aguilera pregunta polo caso dos *Seminarios Profesionalizantes* no Grao en Publicidade e Relacións Públicas, xa que o ano pasado falárase de repensalos un pouco debido á pouca convocatoria que ten entre o alumnado.

O profesor Fortunato Rodríguez pregunta pola docencia do profesor Martín Fidalgo xa que só ten 105 horas nun semestre.

A secretaria infórmalle que é consciente de que lle faltan 15 horas pero que intentou poñerse en contacto en varias ocasións sen resultado, e que seguirá intentándoo ata que se peche o proceso.

O profesor Fortunato Rodríguez reconece que, en ocasións, é difícil localizalo pero que tamén o vai intentar e dicirlle que se poña en contacto co Departamento.

O profesor Paulino Pérez Feijoó inicia a súa intervención recordando o que el denomina art. 26 do Regulamento de Réxime Interno do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade:

“Artigo 26.

- a) O reparto de carga docente farase de forma equitativa entre tódolos profesores, garantindo que o profesorado a tempo completo ocupe a totalidade da súa dedicación docente.
- b) O reparto deberá garantir que cada docente a tempo completo conte con polo menos unha materia directamente relacionada co perfil polo que obtivo a súa praza de maior categoría, sempre que esta figure no plan de estudos vixente.
- e) No caso de producirse problemas na asignación docente o Consello de Departamento dirimirá asignación da materia en conflito”.

**Faise constar que o artigo ao que alude o profesor Paulino Pérez non existe no Regulamento de Réxime Interno do Departamento de Comunicación Audiovisual Publicidade, cuxo art. 26 establece que: “O Departamento poderá organizar seminarios, conferencias, cursos ou congresos durante o curso académico, correspondéndolle ó Consello de Departamento aprobar esta programación, así como o orzamento.

Sobre a organización docente, o Regulamento de Réxime Interno di o seguinte no seu artigo 25:

Sección primeira: da docencia en grao

Artigo 25.

O Consello de Departamento realizará anualmente a planificación e programación da súa actividade docente (Plan de Organización Docente – POD) para os estudos de Grao que deberá ser remitido ás Facultades nas que imparte docencia para a súa tramitación ante a Reitoría. Nese Plan de Organización Docente concretarase a distribución de horas lectivas de materias por cada un dos profesores para o curso académico seguinte e os coordinadores das materias. O coordinador da materia é o responsable de organizar a planificación docente da materia, determinar o procedemento de avaliación dos alumnos e alumnas e de elaborar as actas de cualificación.

O cambio do artigo produciuse tralo informe da Asesoría Xurídica da Universidade de Vigo sobre o Borrador do Regulamento presentado. Entre as súas alegacións, a referida ao mencionado artigo 26 polo profesor Paulino Pérez manifestaba o seguinte:

“Terceira.- No artigo 26 abórdanse os criterios de reparto de carga docente.

Como xa se ten manifestado en informes anteriores emitidos por esta Asesoría Xurídica sobre esta materia, a normativa existente non fixa os criterios para distribuír as obrigas docentes por parte do Consello de Departamento, de modo que lle corresponde a este órgano aprobar os mesmos, se ben a xurisprudencia se ten referido tamén a este asunto, aludindo aos criterios de xerarquía e antigüidade.

Tales criterios aparecen, entre outras, na Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Estremadura nº 39/2001, de 31 de maio, que acolle a doutrina do Tribunal Supremo:

“Pola súa parte, a sentenza do Tribunal Supremo de 16 de febreiro de 1.999, ditada en recurso en interese de lei, declarou como doutrina correcta a declarada pola sentenza de instancia (do Tribunal Superior de Xustiza de Valencia) ao sinalar que a distribución de funcións e cargas docentes no Departamento se efectúe tendo en conta, en primeiro lugar, os distintos Corpos Docentes Universitarios, recollidos tanto na Lei Orgánica de Reforma Universitaria como no Estatuto da Universidade de Valencia e, dentro de cada un, a antigüidade”.

Estes mesmos criterios son avalados polas Sentenzas 161/2006, do 12 de xuño (Xulgado do contencioso/administrativo núm. 1 de Vigo), 43/2007, de 15 de febreiro (Xulgado do contencioso/administrativo núm. 2 de Vigo) e 41/2009, do 20 de febreiro (Xulgado do contencioso/administrativo núm. 1 de Vigo), relativas ao POD dun Departamento desta Universidade.

Transcríbese parte dos fundamentos da última sentenza citada que plasman o antedito:

"Tal e como sucedeu noutros casos similares ao presente, seguidos neste Xulgado, incluso a instancias do propio actor, cabe reiterar a existencia dunha premisa básica, á hora de resolver, e é a da autonomía do Consello do Departamento para establecer o Plan de Ordenación Académica e asignar as diferentes materias aos profesores. O Consello de Departamento é órgano soberano para realizar a distribución da carga docente, como prevé o artigo 3 da Lei Orgánica de Reforma Universitaria en canto reconece a autonomía das Universidades para a súa autoorganización.

A falta dunha determinación expresa nos Estatutos do Departamento, e da Universidade, para asignar, con carácter preferente unha determinada materia a dous profesores que se atopan nun

mesmo corpo e categoría, o criterio unanimemente considerado como correcto é o de antigüidade.

Os dous elementos citados, é dicir, a autonomía do Consello do Departamento para establecer o Plan de Ordenación Académica e asignar as diferentes materias aos profesores, e que o acordo adoptado polo mesmo, sexa mera reprodución do adoptado o ano anterior, firme e consentido, deben entenderse suficientes para manter a súa vixencia, con independencia das interpretacións que poidan darse ao cómputo da antigüidade, entre elas a outorgada polo actor, pois resulta evidente que, aínda que a mesma poida resultar fundada respecto aos supostos que sinala o propio actor, non existe norma ningunha que preveña que a dita interpretación sexa a que teña que rexer á hora de distribuír as diferentes materias entre os profesores dun Departamento”.

Polo cal, no caso que nos ocupa entendemos que debería partirse dos criterios fixados pola xurisprudencia: categoría, e no caso de igual, xerarquía, antigüidade, engadindo os demais criterios para o reparto de carga docente que se fixan no artigo 26***

O profesor Paulino Pérez establece que se produciu un cambio na materia de *Guión, Producción y Realización de Ficción* no Grao de Comunicación Audiovisual, materia que nos últimos anos estaba sendo impartida por un grupo de profesores e que nesta proposta non se mantén, que entrou outro docente que non pode impartila, que se rompe a estrutura e todo o traballo desenvolvido nos últimos anos e que non se atende á especialización dos docentes e a especialización que require a materia. A materia queda coxa co reparto que se fai agora e as persoas implicadas, e non se ten en conta nin o interese nin a formación do alumnado. Trátase dunha materia que gañou premios e se meteu nela a quen apetecía como se fose unha especie de caixón de xastre.

O profesor Rúas recórdalle que os departamentos poden establecer criterios pero, en todo caso, por riba deles hai unha normativa superior como pode ser a do Consello de Goberno onde se establece a categoría e antigüidade, como en moitas outras normas. A profesora á que se refire o profesor Paulino Pérez é Isabel Martínez e o director recórdalle que, como asociada doutora, elixe antes que os asociados non doutores e, en todo caso, non se pode cuestionar a súa capacidade nin especialización.

O profesor Paulino Pérez incide nos criterios do departamento e de que, en caso de conflito, ten que primar a especialización e o perfil porque neste caso non se cumpre e repercute na calidade da docencia.

O profesor Juan Corbacho recorda que este tema é recorrente e que, en todo caso, deberíamos absternos de descualificar aos compañeiros e docentes do departamento. Recórdalle que hai uns

criterios que a el se lle aplican, a el non o despraza ninguén, pero non pode decidir polos demais, e que os criterios se aplican en caso de conflito pero non podemos usalos e saltalos cando nos interesan, continuando cun debate que se repite.

A profesora Montse Vázquez recorda que non hai conflito cando non hai igualdade, Paulino elixe cando lle corresponde e Isabel Martínez cando lle corresponde a ela, as persoas que lle seguen elixirán cando lles corresponda como no resto dos casos, pero o último non entra en conflito co primeiro por algo que non pode elixir.

O profesor Rúas manifesta que el non é quen para decidir quen é mellor ou peor e podemos entrar no debate de quen é mellor, así como no dos perfíles que non se gañaron pero que logo para seguir manténdose na praza xa non son importantes e collo docencia de calquera cousa que estea libre. As regras non poden aplicarse arbitrariamente a conveniencia de quen as colle.

O profesor Paulino Pérez reivindica que cada un ten que dar a materia coa que gañou a praza.

A profesora Emma Torres recorda que o regulamento de Réxime Interno é un complemento ás normas de rango superior e que, en moitos casos, non ten aplicación xa que, por exemplo, cando se aprobou non se facía distinción entre asociados doutores e non doutores.

Manifesta ademais que o POD non se fixo con transparencia, que aos profesores se lles pediron as súas preferencias por correo electrónico e non volveu a ter noticias de como se estaba elaborando e que, vendo o que se está debatendo está claro que non houbo diálogo cos asociados cando, ata agora sempre se tivo en conta a súa opinión, xa que a figura do asociado existe para axudar á docencia de cada titulación a ter sentido, manifesta que o POD ten que pensar no futuro e establecer a estratexia que o departamento quere seguir de cara ao futuro para a promoción e consolidación do profesorado e que para iso fai falla coñecer os números do Departamento que tampouco foron facilitados.

O profesor Rúas explica que houbo moito diálogo por correo electrónico e telefonicamente, evidentemente no se puido facer reunións presenciais como ocorreu o pasado ano por cuestións por todos coñecidas, pero houbo moito diálogo cos profesores.

O profesor Paulino Pérez incide en que hai que analizar os casos de determinados profesores, que non se tivo en conta a súa especialización e profesión que desenvolven e que a materia de *Ficción* perde calidade xa que non están os máis idóneos.

O profesor Jorge Lens establece que o debate da idoneidade é perigoso, hai protocolos cos estándares de calidade para a docencia pero non todo é válido e aplicable, hai cousas que poden cuantificarse e outras non.

Chama a atención tamén sobre o feito de que na materia de *Fotografía* no novo Grao de Comunicación Audiovisual hai tres grupos prácticos cando antes había dous e non sabe por que.

O profesor Oswaldo García considera que hai que ser respectuoso coa normativa pero que, talvez, habería que crear unha comisión para a calidade da docencia.

A profesora Enma Torres, hai ferramentas para facer un seguimento da calidade da docencia, e se hai queixas, o Departamento ten que recibilas.

O profesor Rúas informa que as queixas dos alumnos chegan ao Decanato que é quen decide cal é a canle que deben seguir segundo o tipo de queixa e non todas chegan ao Departamento. Na elaboración dos PAC celébranse reunións con alumnos onde se manifestaron queixas de alumnos cara a determinadas materias e estas non chegaron ao Departamento.

O profesor Juan Corbacho recorda que xa hai un seguimento aos docentes e que antes de crear comisións novas se usen as ferramentas que xa existen, caso de DOCENTIA, que ten ferramentas de control, considera que os mecanismos que existen son suficientes e que, coas novas ferramentas talvez non sexan necesarios novos mecanismos de control, senón saber usar os que hai, non cre necesario crear unha comisión para fiscalizar o profesorado.

O profesor Rúas propón a votación sobre a proposta do POD presentada polo Departamento.

A profesora Montse Vázquez recorda sobre a proposta que a docencia vacante do primeiro semestre se cubriría coa Lista de Agarda e que quedan 119,5 horas para unha praza de axudante doutor no segundo semestre.

Recorda ademais que no Grao de Comunicación Audiovisual entra en vigor un novo Plan e que, nas materias de primeiro do antigo plan puxéronse como coordinadores aos profesores de primeiro do plan novo, ao coincidir os contidos.

O profesor Paulino Pérez manifesta que a materia de *Guión, Producción e Realización en Ficción* ten dous grupos HB de 90 horas e non catro HB grupos de 45 como pon o POD.

A profesora Montse Vázquez indícalle que o POD se corresponde coa PDA aprobada na Xunta de Facultade pero que volverán a comprobalo desde O Departamento.

O profesor Jorge Lens volve a incidir sobre os tres grupos HB da materia de *Fotografía* do Grao de Comunicación Audiovisual.

A profesora Montse Vázquez informa que responden á PDA aprobada no seu día e que, en todo caso no é o Departamento o órgano competente para establecer cantos grupos ten unha materia nin para cambialos.

A profesora Mabel Míguez recorda que esas cuestións tiveron que dirimirse na Comisión do Grao, pode consultarse se é un erro, pero que os datos son os da PDA e a rectificación sería complicada.

O profesor Rúas solicita a votación, se procede da proposta de POD do Departamento.

O profesor Paulino Pérez manifesta que quere cambiar a súa docencia xa que, cos cambios na materia de *Guión, Producción e realización en Ficción*, el non quere coordinala nin estar nela, así que manifesta que cambia a súa docencia, deixa a da materia mencionada e queda coas horas vacantes da materia de *Documental* (24 h) e colle enteira a materia de *Guión, Producción e Realización de Programas de Entretenemento*, desprazando dela á profesora Isabel Martínez.

O profesor Rúas establece que hai que facer entón unha nova proposta xa que os cambios de Paulino Pérez provocan cambios en cascada, polo que haberá que facer novos cambios e unha nova proposta nun novo Consello de Departamento.

A profesora Mabel Míguez expón a posibilidade de suspender a sesión de hoxe e continuala outro día e non convocar outro Consello.

Suspéndese o Consello de Departamento as 15.30 horas e retomarase o luns 25 de maio ás 13 horas.

LUNS 25 MAIO. 13.00

O profesor Rúas: retomamos a reunión, onde o deixamos o pasado xoves. O profesor Paulino Pérez cambiou a súa docencia, o que produce un efecto dominó sobre máis profesores. O xoves trabállase sobre unha proposta que ten algo menos de fragmentación entre docentes asociados e permite mantelos a todos coa mesma dedicación.

A profesora Montse Vázquez explica a proposta presentada: pártese do cambio de Paulino, e puxémonos en contacto coa profesora Isabel Martínez, que era á que desprazaba da súa

docencia, cando esta elixa as materias que vai impartir, envíase de novo o POD aos asociados non doutores o xoves pola tarde para que volvan a situarse, dándolles de prazo ata o venres ás 12 da mañá, se ben ao longo do xoves case todos enviaron as súas prioridades.

Na nova proposta mantense coa mesma dedicación, Susana Bastón é a única que se mantén con catro materias, o resto reducen materias.

O profesor Rúas, sométese á consideración do Consello.

A profesora Isabel Martínez pide a palabra para aclarar a súa elección. Explica que recibiu varias mensaxes e comunicacións sobre a mesma, desculpa que non puidese asistir o xoves, pero que non lle gustaría que se cuestionase a súa profesionalidade e a súa experiencia e hai que respectar a de todos. “Todos pasamos un concurso e debería haber máis respecto sobre este tema”.

Entende a dificultade de facer un POD e non se pode basear en ataques de se un é profesional o non, pero hai unhas normas e hai que cumprilas. “Eu escollín unhas materias, Paulino decidiu despois facer outra elección e desprázame e enténdoo, é o seu dereito, pero eu tamén debo elixir atendendo aos mesmos criterios e normativa e elixindo o que creo que é idóneo ao meu perfil e experiencia. As críticas e acusacións persoais aféctanme como persoa, así como se cuestiona a miña vida profesional. Hai que entender que o profesorado asociado no é moi estable, pero hai que asumir a situación destas figuras. Sei que hai xente que se queixou pola miña elección, pero fágoo acorde á normativa e aos meus coñecementos.”

A profesora Ana Belén Fernández Souto: “A normativa é clara, todos temos os nosos dereitos e tamén os nosos deberes, entre os que se inclúe ser respectuoso. Simplemente que todos temos que adaptarnos as circunstancias e esta problemática dos perfís xorde todos os anos. Todos temos as nosas especialidades e temos que comprender as limitacións.”

A profesora Emma Torres solicita que se faga a votación a través das ferramentas que ten a plataforma e hai que facer votación por separado, os POD de Publicidade e Relacións Públicas e Comunicación Audiovisual.

Recórdase que os profesores presentes pero que non forman parte do Consello de Departamento non poden votar.

Votación:

POD Comunicación Audiovisual

A Favor: 18

En Contra: 1

Abstención: 10

POD Publicidade e Relacións Públicas

A Favor: 24

En Contra: 1

Abstención: 4

4. Aprobación, se procede, prazas de profesorado

Falamos das prazas que poden saír, primeiro é a de consolidación que no seu día solicitou o profesor Vicente Badenes e a segunda sería de nova creación no segundo semestre, que sae con 120 horas. Realmente temos 119,5 horas, pero hai varios profesores por riba da súa capacidade. Do que se trata é de consolidar profesorado para que a docencia poida ser máis estable, así como a situación de profesores que xa están acreditados e que poderán presentarse a elas.

A profesora Montse Vázquez, a praza sae con 120 horas porque sae no segundo semestre e, polo tanto, ten que levar como tope un máximo 120 horas.

As horas pendentes son en *Xestión de proxectos Audiovisuais e Interactivos*, *Seminarios Profesionalizantes* e *Avaliación de la Eficacia publicitaria*.

Mónica Valderrama non entende por que hai que votar o tema das prazas, xa que non entende que alguén se opoña a que saian prazas para consolidar ao profesorado, se non hai ninguén en contra non fai falla votar.

Alberto Dafonte: sobre que sexa docencia no Departamento, no lle parece moi sensato, o mellor sería ver en que áreas hai máis déficit. O de docencia na área veo pouco planificado.

Paulino Emilio Pérez Feijóo: “Unha boa reflexión, aínda que logo o perfil co que saia a praza é algo que non se ten en conta.”

O profesor Rúas recorda que as prazas saen coa docencia vacante, como se fixo sempre.

A profesora Montse Vázquez recorda que somos unha área única, Comunicación Audiovisual e Publicidade, en segundo lugar, que para que saia un perfil cunha materia o contido ten que estar vacante no POD, o cal significa que os perfis se establecen segundo o que estea baleiro; por outro lado, é difícil que haxa unha soa materia e completa para sacar a concurso, mesmo saíron perfis que non se refiren a ningunha materia.

A profesora Mabel Míguez: “sacar unha praza de axudante doutor é arriscado, agora hai 120 horas, pero non sabemos que vai ocupar o próximo ano xa que son 240 horas. Os asociados teñen que saber que a docencia que ocupe un axudante doutor xa no estará dispoñible.”

Solicita que se voten por separado as prazas de axudante doutor de consolidación e a de axudante doutor nova.

O profesor Paulino Pérez recorda que temos unha lista de agarda pendente.

O profesor Rúas recorda que polo de agora está pendente e, en todo caso, estamos falando de consolidar profesorado.

A profesora Mónica Valderrana: temos que ter en conta como departamento que agora hai opción de sacalas, igual o ano que vén xa non a hai e ademais son necesarias, hai persoas que están acreditadas e en situación de presentarse, polo que non entende ningún argumento para parar a praza como docente do Departamento. Recorda que hai asociados acreditados que poderían consolidarse.

Enma Torres incide no dito, é unha cuestión fundamental a visión estratéxica e de futuro do Departamento, é imprescindible a saída de prazas pero sempre e cando se garante a propia estrutura do Departamento. É importante a consolidación e é necesaria, pero tamén a consolidación das persoas que xa están dentro. Crear novas prazas cando non se pode garantir a docencia dos que están non lle parece o máis correcto.

“Acabamos de aprobar un POD de escándalo en organización, que nos próximos anos se pode ver agravado, por iso creo necesario contar coa información necesaria de todos os membros do Departamento. É dicir, se o ano que vén se van ocupar 240 horas, hai que saber que quedarán asociados fóra, incorporarse un profesor e hai profesores que crecerán. Hai que ter os números, hai que reflexionar, pensar o que imos facer e pensar nos alumnos que parece que nos esquecemos.

Hai unha diferenza entre o Grao de Publicidade e Relacións Públicas, con profesorado consolidado, e o Grao de Comunicación Audiovisual, que non ten persoal consolidado e é unha deficiencia recorrente cada vez que se analiza. Falta persoal consolidado en Comunicación Audiovisual.

Sobre os asociados hai que ter claro o que son, son asociados, profesores que entran para dar unha docencia que ten que ver co seu ámbito profesional, non se pode desvirtuar e pensar que é unha figura de consolidación. No é unha figura para entrar como profesor a tempo completo, a figura de entrada é a de Axudante Doutor e facer carreira académica, non pode ser que a vía do asociado estea dando entrada a persoal que non fixo esta carreira.

O persoal asociado non é persoal a tempo completo da Universidade, hai que pensar nesas posibilidades, unha cousa é a carreira académica e outra os asociados.

Hai que pensar nas necesidades do Departamento. Pensemos que ano tras ano hai materias nas que hai problemas para que sexan ocupadas por profesores e en función diso é o que temos que pensar que tipo de persoal necesitamos.

Hai que facer contas e ensinámolas para ver a realidade do Departamento, e que o crecemento garante unha docencia lóxica e equilibrada coas necesidades dos títulos.

Fundamental promocionar, sacar prazas si, pero con cabeza e reflexionando o que se fai e non porque se poida facer agora.

Poñer sobre a mesa os números, que sempre se fixo, sobre o que hai no Departamento, pensar no futuro e non a curto prazo, porque hai problemas, e en favor da transparencia darnos os números do Departamento.”

Ana Belén Fernández Souto: coincide coa profesora Mónica Valderrama, non entende a discusión de sacar prazas ou non. Hai unha necesidade de cubrir docencia, para o que se pode sacar praza a non ser que alguén queira asumir esa docencia a maiores, hai que sacar praza ... Non sabemos que vai a pasar nun ano, dous, cinco, pero o Departamento segue tendo necesidade de contar con máis persoal a tempo completo.

Paulino Pérez : a titulación de Comunicación Audiovisual está nun proceso de cambio de plan de estudos de especialización e hai que ver como se vai cubrir, hai que analizar o que vamos necesitar, entrarán materias moi especializadas, hai que sacar prazas pero de asociados, porque son prazas para especialistas.

José Rúas: hai pouco celebrouse unha lista de Agarda, pregunta ao profesor Paulino se a gañou alguén con perfil de Comunicación Audiovisual ou de Publicidade, quen afirma que de perfil audiovisual, houbo algún criterio para ir cara a un ou outro lado, as prazas hai que gañalas e pode gañalas quen cumpre e cun perfil que pode non coincidir co que lle é máis próximo.

A profesora Emma Torres afirma que se lle dá a razón, pode estar entrando xente con perfís que non son os necesarios, por exemplo, en Relacións Públicas, onde non hai oco e, talvez os profesores destas materias deberían falar porque se se quedan sen docencia van eles impartir materias de son?

Ana Belén Fernández Souto: Esa persoa que gaña unha praza ten que asumir a docencia que haxa -se o ve viable segundo a súa formación e perfil- seguindo os criterios que marca a Universidade.

Montse Vázquez: falamos de máis Publicidade e Relacións Públicas ou Comunicación Audiovisual e se vos fixades nos POD aprobados hai máis profesores consolidados en Comunicación Audiovisual que no Grao de Publicidade e Relacións Públicas.

O ano pasado tivemos que sacar catro prazas de profesores asociados porque non se aprobaron prazas de Axudante doutor e os perfís foron de Relacións Públicas e Publicidade e son contidos que nos POD actuais son compartidos por varios asociados, así que quizais fai máis falla consolidar en Publicidade e Relacións Públicas que en Comunicación Audiovisual.

Monica Valderrama, máis alá de se máis Publicidade ou máis Comunicación Audiovisual hai neste momento docentes que imparten nas dúas titulacións que están acreditados e que poden optar a esas prazas. A política da Universidade é a da consolidación, que desde o Departamento se diga que non se queira é algo que non se pode entender e que se teña que votar delirante.

Paulino Pérez: entón non hai perfís, hai docencia no Departamento.

Ana Belén Fernández Souto: A consolidación debe ser prioritaria. É máis, calquera profesor asociado -se cumpre os requisitos- pode presentarse a ese tipo de prazas ...

Alberto Pena Rodríguez: Comparto o punto de vista de Mónica Valderrama. Sacar unha praza no é sinxelo, como departamento custounos moito ir sacando prazas, fíxose pouco a pouco para ir consolidando lentamente a xente que ía cumprindo coa súa carreira, para conseguir ademais un departamento propio, para vertebrar as titulacións e tamén a Facultade, para crear grupos de investigación que optaron a programas nacionais e internacionais, que desenvolven congresos... e iso só se consegue coa xente a tempo completo, se hai xente acreditada que foi avaliada polas axencias actuais hai que promocionala, incluso os propios asociados, moitos deles quedaron, porque ademais de profesionais tamén teñen dereito a formarse e presentarse a prazas consolidables, é algo obvio.

Alberto Dafonte, simplemente agradezo a reflexión que se fixo, por exemplo, de que na área de RRPP non estamos tan sobrados como parece e é interesante saber cal é a área de especialización que ten máis problemas. Ten que haber unha análise de necesidades, é evidente que calquera persoa acreditada pode presentarse ás prazas pero, unha vez que se coñecen os CV (Currículum Vitae), pódese derivar cara a un lado ou a outro.

Enma Torres, incidir no dito polo profesor Alberto Dafonte, hai que coñecer os datos e números do Departamento. Refírese non á docencia vacante senón á capacidade docente, a evolución

dos sexenios, os descontos dos docentes, consolidación de interinos... información que antes se tiña e agora non se ten.

Paulino Pérez, teño diante o plan de estudos de Comunicación Audiovisual con materias con moita especialización, habería que analizar que perfís necesitamos, ver que nos vén enriba nos vindeiros anos, son partidario de sacar prazas pero hai que analizar que profesorado podemos ter para dar estas materias se estamos cualificados ou se a esta especialización terán que vir outros a dalas e diferenciarnos das outras titulacións. Ver de cara ao futuro, non podemos ser cortoplacistas.

Alberto Pena Rodríguez, entende que haberá que seleccionar ben ao profesorado que concursa ou estimular a súa formación en determinados campos.

Ana Belén Fernández Souto, a especialización é moi relativa, sempre é a mesma historia, parece que en Audiovisual todo é especialización pero as materias de comunicación política, Publicidade o RRPP pódese impartir calquera... De feito, moitos docentes de audiovisual -sen especialización en RRPP ou Publicidade- empéñanse en completar a súa docencia con materias das que non son "especialistas"...

Carmen López De Aguieta Clemente: pero agora estamos a falar de quitar a praza, non de perfís, logo pódese pechar ben co perfil da praza.

Paulino Pérez: pero é que estamos metidos nun proceso de especialización.

Mónica Valderrama Santomé, estamos a falar de que hai docentes que xa ocupan un espazo docente e están acreditados para poder consolidarse.

Mabel Míguez, hai que facilitar a promoción do profesorado, non digo que non se saquen prazas, pola contra, se se poden sacar prazas de axudante doutor hai que sacalas, que son prioritarias, e non se poden sacar coas sobras, facer un POD e saír as prazas con perfís definidos. Mesmo considero que a asignación dunha praza de axudante doutor debe ser previo á elección de materia por parte dos asociados. Unha praza de axudante doutor é consolidable e hai que dotala dunha docencia lóxica.

José Rúas, as saídas a concurso das últimas oito ou dez prazas consolidables do Departamento case todas levaban docencia en dous ou tres materias e non necesariamente do mesmo perfil. Nunca se deixaron de sacar prazas cando había docencia dispoñible e profesores que podían

promocionar, mesmo houbo profesores que cederon parte da súa docencia para que saísen nos perfís.

Vicente Badenes, estou en proceso de consolidación e teño un perfil mixto, profesional e académico. Hai que consolidar con especialización pero a miña xa é unha especialización. Non entendo o debate sobre determinadas prazas de profesores que nós podemos consolidar e que ademais temos a especialización.

Xosé Baamonde, ninguén cuestiona a praza Vicente Badenes e defende que asociados poden consolidar e que fixeron carreira académica. Se os asociados acreditados queren facer carreira hai que permitirllo, o que hai que pensar é se queren facer carreira e están acreditados ou non queren facer carreira académica.

Ana Belén Fernández Souto, recorda que todas as materias deben ser impartidas por especialistas.

Mónica Valderrama, ninguén entende os peros para sacar esas prazas.

Carmen López De Aguilera, a praza en debate non é a de Vicente.

Alberto Pena Rodríguez, todos somos especialistas e debemos formarnos, especializarnos, segundo as necesidades do Departamento.

Mónica Valderrama, hai máis persoas acreditadas e dende hai aínda máis tempo que os que mencionaron, poñer en dúbida que se pidan prazas é incompreensible e case vergoñoso como Departamento.

Ana Belén Fernández Souto, para consolidar todo o mundo ten as mesmas oportunidades... hai profesores asociados que se acreditaron e hai outros que non...

José Octavio Rodríguez Nieto, quedarse no coñecido por medo ao descoñecido, é manterse con vida pero non vivir.

Paulino Emilio Pérez Feijoo, pois porque uns non queren facer carreira universitaria e están como especialistas pola súa traxectoria profesional, como recolle explicitamente a definición de asociado.

Alberto Pena Rodríguez, consolidar é fundamental. Diso depende o noso futuro. Cantos máis profesores a tempo completo, máis forte será o Departamento e máis vertebraremos as titulacións da Facultade.

Mabel Míguez pide votación por separado porque non ten ningún inconveniente coa praza de consolidación, pero respecto á outra praza, di que non vai votar en contra, pero se vai abster porque non está de acordo co procedemento.

José Rúas, procédese a votar.

Praza consolidación:

A favor: 24

En contra: 1

Abstención: 1

Praza Axudante Doutor, segundo semestre

A favor: 15

En contra: 4

Abstención: 6

5. Rolda aberta de intervencións.

Paulino Pérez Feijóo, erro respecto ás horas HB de *Guión, produción e realización de Ficción*: 45 x 4 ou 90 x 2.

Montse Vázquez, xa se comprobou na PDA e en Xescampus

Paulino Pérez Feijóo, sigo insistindo, o alumnado ten que recibir 180 horas e así recibe 135 horas e pode queixarse.

Alberto Pena, dúas preguntas:

- 1.- Información sobre o final do curso académico: os exames inicialmente están suspendidos presencialmente pero como se está volvendo cara á realidade, quixera saber se hai algunha previsión ou directriz sobre o desenvolvemento de exames, tribunais de fin de grao... nestes meses de xuño, xullo...
- 2.- Información sobre ese borrador que está circulando por aí entre a Xunta e as tres Universidades Galegas cara ao curso que vén sobre a transición cara a unha docencia on-line, algo polémico o que supón unha revisión profunda de toda a vida universitaria e creo que o Departamento debe ter, do mesmo xeito que a Facultade, unha posición xa que incluso

se está a falar de que aquelas facultades que queiran entrar no programa piloto teñen que dicilo agora en xullo e apuntarse. Temos que decidir que nos convén xa que é un cambio grande nas nosas responsabilidades e labores e hai que decidir que é o que nos convén, como Área, como Departamento e como Facultade.

José Rúas, dende a coordinación pídesse a adecuación das guías docentes para adaptar a situación ás materias do primeiro semestre, igual que os TFG (Traballo Fin de Grao). Sobre a segunda cuestión, é algo a debater sobre ese modelo mixto, tendo en conta que é unha cuestión da Universidade pero tamén haberá un debate político. Evidentemente, ten que haber un debate e pode tratarse dentro do Departamento.

Xosé Baamonde, sobre esa proposta inicial no grupo de decanos coa Vicerreitoría hai moitas dúbidas sobre ese modelo mixto, porque se cre que un dos activos da Universidade Pública é, precisamente, a súa presencialidade. Hai bastantes reticencias, agás en titulacións puntuais, no noso centro, a situación de Xestión Pública é a que camiña máis cara a esta opción. Esta semana hai unha reunión entre a Consellería e as tres Universidades onde se definirá a proposta e haberá que esperar a ver cal é a proposta, polo de agora son consideracións iniciais sobre un cambio de modelo que non pode ser radical, a situación obrigounos a unha serie de medidas pero estas medidas excepcionais non poden ser as que condicionen agora o noso xeito de ver e facer as cousas, que ten que ser algo máis lento e, quizais, ir vendo titulación por titulación ou incluso materia a materia como se planifica, en todo caso, creo que nas nosas, tanto Publicidade e Relacións Públicas como Comunicación Audiovisual, a presencialidade é algo fundamental.

Alberto Pena, incidencia COVID na Facultade; na miña clase houbo un caso e non volvían a saber e foi pola testemuña do alumno e cómpre saber a situación real.

Xosé Baamonde, houbo un caso, cando se notificou xa pasaran dúas semanas dende o peche da Facultade por iso non houbo incidencia á hora de illar ou notificar ao profesorado; a detección foi posterior ao período que debía gardarse de illamento por iso non houbo notificación para que outro profesorado non tomase ningunha medida, enténdese que non tiña o virus durante as clases.

David Formoso, sobre teledocencia total sen presencialidade, a experiencia de agora é que moito alumnado ten dificultades de conexión, e quixera saber se co alumnado que manifesta este problema a posteriori ao profesorado débese facer algo ao respecto, aínda que entende que non.

Sen máis intervencións, levántase a sesión ás 15:30 horas.

Pontevedra, 25 de maio de 2020

O director

José Rúas Araújo



A secretaria do Departamento

Montse Vázquez Gestal

